



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, pola alcaldía presidencia, por Resolución nº 720/2024, do 17-06-2024, adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

ASUNTO: INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ROZA NO PERÍMETRO DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BERGONDO SOBRE PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, SITAS NO MUNICIPIO DE BERGONDO

EXPEDIENTE: 2024/C004/000004

Logo de ver que este Concello ten entre os seus fins manter as parcelas da súa propiedade en condicións de salubridade, hixiene e seguridade, levando a cabo unha xestión adecuada da biomasa vexetal existente que contribúa a previr ou evitar incendios que, no caso de fincas sitas no Polígono Industrial de Bergondo, poden afectar ás naves lindeiras.

Logo de ver que o Concello de Bergondo non conta no seu cadro de persoal con persoal suficiente adicado a estas tarefas para levar a cabo a prestación dos devanditos servizos.

Tendo en conta o disposto no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que “*O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*b) Medio ambiente urbano (...); f) (...) prevención e extinción de incendios; (...) j) Protección da salubridade pública (...)”.

Logo de ver a necesidade de contratar os *servizos de roza no perímetro do Polígono industrial de Bergondo sobre parcelas de titularidade municipal, sitas no Municipio de Bergondo*, segundo se indica no informe do 23 de maio de 2024 da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico, Formación e Participación Veciñal, que conta co conforme do concelleiro delegado da Área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior, no que se establece que este concello non dispón de maquinaria axeitada para a realización destes traballos, debido principalmente ás características do terreo onde se teñen que executar, nin tampouco con persoal municipal suficiente para acometer o volume de traballo que estes labores implican, o que xustifica a necesidade deste contrato, consonte co establecido nos artigos 28 e 116.4.e) da LCSP, polo que se fai necesario proceder á elaboración do expediente destinado á contratación para a prestación do servizo mencionado.

Así mesmo, consonte co esixido no artigo 99.3 da LCSP, xustifícase a non división en lotes do obxecto deste contrato e, en consecuencia, adxudicarse como unha unidade contractual, en base aos motivos que deseguido se detallan:

- A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico e provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións. A non división en lotes permite, por exemplo, que no caso de incidencias ou urxencias na prestación do servizo, o Concello de Bergondo dispoña dun único interlocutor para unha resolución máis áxil da situación.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.

Considerando que a competencia para contratar corresponde a esta alcaldía, conforme ao preceptuado na Disposición adicional segunda da LCSP, e a incoación do expediente de contratación non a teño delegada na xunta de goberno local (Resolución núm. 744/2023, do 21 de xuño), examinado o expediente, **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Incoar o expediente de contratación da prestación do servizo de *roza manual no perímetro do Polígono industrial de Bergondo sobre parcelas de titularidade municipal, sitas no Municipio de Bergondo*, expediente 2024/C004/000004, proponendo o procedemento aberto simplificado, ao amparo do artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación, e tramitación ordinaria.

SEGUNDO. Que polos servizos municipais se proceda á elaboración do oportuno expediente destinado á contratación do referido servizo, incluíndo o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato; emitan Intervención e Secretaría os seus informes pertinentes, e realizados que sexan estes trámites, elévese á xunta de goberno para a aprobación do correspondente expediente de contratación.

A presente resolución publicarase no perfil do contratante do Concello de Bergondo, consonte co esixido no artigo 63.3 da LCSP.

En Bergondo, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa

Dou fe; a secretaria

Alejandra Pérez Máquez

Ana María Cacharrón Castelos”

E para que conste, para os efectos que corresponden, asino a presente certificación, por orde e co visto e prace da alcaldesa, en Bergondo, o martes 18 de xuño de 2024

Vº.e Pr.

A alcaldesa

A secretaria xeral

Alejandra Pérez Máquez

Ana María Cacharrón Castelos